



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVIENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS, A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL, A AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA NO MARCO DO PROXECTOTERRA

I. COMPETENCIA

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, en virtude do establecido no Decreto 142/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de dirección e coordinación das actuacións en materia de ordenación do territorio e urbanismo, e a través da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, as funcións de disciplina urbanística. Dentro destas competencias, entre outras, desenvólvense as funcións de:

- Definición, programación e execución da política de ordenación do territorio e urbanismo da Xunta de Galicia, así como a elaboración das disposicións que procedan.
- Elaboración de plans, proxectos, estudos e instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo.
- Fomento do planeamento e da actividade urbanística.
- Protección, xestión e ordenación da Paisaxe.
- Control do uso do solo, fomentando a utilización racional e ordenada do noso territorio, mediante as actuacións de disciplina urbanística.

II.- ANTECEDENTES

No ánimo de contribuír a que a cidadanía percibamos a arquitectura e o territorio coma piares básicos da nosa cultura, en xaneiro de 2000 o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia puxo en marcha o ProxectoTERRA. Partindo do convencemento de que este obxectivo nunca se logrará acadar se non se consegue que o feito arquitectónico e territorial adquira unha sólida presenza no ámbito da educación, o ProxectoTERRA é un proxecto didáctico de cooperación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia co mundo da educación dirixido ás distintas etapas da Educación Obrigatoria e a Educación Infantil, co fin de contribuír a mellorar o coñecemento que os escolares de Galicia deben ter da nosa arquitectura, da nosa identidade territorial e do noso medio ambiente, contribuíndo a acadar os obxectivos que sobre arquitectura, territorio e medio ambiente xa se contemplan na actualidade nas distintas etapas da educación de 0 a 18 anos.

A participación da consellería e da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística no presente convenio enmárcase dentro da liña seguida por este organismo nas campañas de concienciación e formación para a cidadanía, co obxecto de ir modificando o tan manido "ti vai facendo" por un esperado "ti faino ben".





Por elo, a Axencia, nos últimos anos ven destinando importantes recursos á realización de cursos, congresos, e colaboración cas institucións referentes en materia de formación, incluíndo o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Así, co fin dunha maior eficacia da xestión pública, faise apropiada a colaboración da Consellería de Vivenda e Planificación Urbanística e a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística co COAG, a través do ProxectoTERRA.

Esta é a achega que o ProxectoTERRA pon a disposición da comunidade educativa esperando que sexa un instrumento que axude a acadar os obxectivos que sobre arquitectura e territorio xa se contemplan na actualidade nos currículos da Educación Infantil, a Educación Primaria e a Educación Secundaria.

Trátase de contribuír a que á nosa poboación escolar se lle dea unha clara e actualizada proposta de achegamento á arquitectura, entendendo esta como todas aquelas actuacións sobre o territorio realizadas por mulleres e homes para acadar unhas mellores condicións de vida. En ningún caso se trata de incrementar os contidos establecidos nas referidas etapas educativas, senón de aportar materiais específicos que completen ou melloren os que agora mesmo están dispoñibles para o alumnado e o profesorado, e completalos con actividades, como visitas guiadas de arquitectura e intercambios territoriais ou obradoiros de arquitectura, que se ofertarán aos centros de ensino para que poidan ser incorporadas nas súas programacións de actividades complementarias ou extra escolares.

O respaldo institucional da Xunta de Galicia ao ProxectoTERRA foi constante e decisivo. Desde o ano 2003, O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e a Xunta de Galicia veñen colaborando de xeito estable no cofinanciamento do ProxectoTERRA co obxectivo de realizar labores de difusión do ProxectoTERRA, coa finalidade de ampliar a formación do profesorado e mellorar os coñecementos da poboación escolar en temas relacionados coa ordenación, planificación e intervencións das actividades humanas sobre o territorio, tal e como se recolle nos sucesivos convenios asinados. A tal fin, o ProxectoTERRA elaborou, editou e distribuíu gratuitamente a todos os centros de Galicia das distintas etapas educativas de 0 a 18 anos, materiais educativos e actividades complementarias contextualizadas á realidade do país, que permiten complementar os que teñen á súa disposición o alumnado e profesorado para traballar os contidos que sobre arquitectura e territorio contemplan os DCB vixentes.

Ao longo destes 23 anos de colaboración, os recursos educativos elaborados están presentes no 100% dos centros educativos de Educación Secundaria, Educación Primaria e Educación Infantil de Galicia, tendo participado ata a actualidade uns 57.000 escolares de Educación Secundaria nas actividades ofertadas desde o curso 2005-2006, e que na actualidade están integradas no Plan Proxecta+ da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Desde o curso 2011-2012, ampliouse a oferta das actividades aos centros de Educación Primaria, estando en proceso de revisión para a consolidación da súa presenza do ProxectoTERRA nesta etapa educativa.



III.- RAZÓNS E OPORTUNIDADE

O medio ambiente, a ordenación do territorio, o urbanismo e a arquitectura son, sen dúbida ningunha, asuntos que preocupan a amplos sectores da sociedade galega. O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e a Xunta de Galicia comparten o compromiso de contribuír a conservar e mellorar o medio no que desenvolve a súa vida a sociedade galega mediante a nosa única posible contribución, o exercicio responsable da Arquitectura e o Urbanismo, e o seu achegamento á poboación destinataria deberá ser, sen dúbida, un obxectivo prioritario.

É de enorme importancia continuar achegando á poboación escolar e ó conxunto da cidadanía a unha análise de como a Arquitectura e o Urbanismo interveñen na configuración do noso medio ambiente e territorio unido no seu pensamento pasado, presente e futuro, reforzando a idea de que o interese pola máis actual e universal arquitectura e o interese pola cualidade dos espazos contemporáneos non implica o esquecemento da nosa propia personalidade cultural e a contribución ao impulso evolutivo da arquitectura e do proceso de construción histórico do territorio nunha fermosa demostración de como a integración do proceso creativo contemporáneo non ten por que implicar a destrución dunha milenaria herdanza cultural.

Sen lugar a dúbidas, a Educación Obrigatoria é un dos ámbitos desde o que se debe intervir para xerar unha reflexión sobre este problema no conxunto da sociedade.

Temos o convencemento de que é a persuasión, xerada nos procesos de ensinanza aprendizaxe, a que pode reverter nun cambio de actitudes.

Pero tamén é o momento de achegarnos máis á cidadanía en xeral. Partindo da reflexión sobre as xentes, os espazos e lugares que habitamos e desde a análise histórica da nosa arquitectura e do noso territorio e as súas paisaxes, queremos contribuír a abrir espazos que posibiliten conseguir un equilibrio entre o pasado e a necesidade de progreso que a nosa sociedade demanda. Pretendemos, a través dunha experiencia pedagóxica pioneira e a actividade divulgativa aparellada a ela, levar a cabo o intento de crear unha nova reflexión sobre o propio para poñer sentido común na nosa realidade e provocar un feixe de respostas racionais e responsables. Se tomamos esta dirección, o resultado será unha sociedade capaz de non cometer os mesmos erros.

IV. FINALIDADE

Para a consecución dos fins sinalados, tense previsto formalizar co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura e ata o 31 de agosto de 2026.

V. CONTIDO DO CONVENIO

Secretaría Xeral Técnica
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
881 999 265
sxt.cim@xunta.gal





1. Obxecto.

O convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, para dar continuidade ao traballo desenvolvido nas distintas etapas educativas, así como na formación á cidadanía en xeral, reforzando e consolidando a presenza do ProxectoTERRA, ao tempo que se abren novas liñas de actuación que permitan optimizar os recursos dispoñibles cara á mellor consecución dos obxectivos que se pretenden, realizando actividades de sensibilización, concienciación, formación e divulgación sobre os espazos e lugares que habitamos, a paisaxe e o dereito ao hábitat, conxugando a asistencia científica e técnica e o intercambio de experiencias con fins de formación e información interdisciplinares, coa finalidade de formar, difundir e ampliar os coñecementos da cidadanía, así coma das persoas técnicas e entidades competentes en temas relacionados coa ordenación, planificación e intervencións das actividades humanas sobre o territorio e a súa repercusión na conformación das paisaxes do presente e do futuro.

Para o cumprimento deste obxectivo establécese a seguinte programación de actuacións para os cursos lectivos 2024-2025 e 2025-2026:

1.- Elaboración, revisión e actualización de unidades didácticas e materiais de apoio en soporte papel e dixital, todo baixo unha perspectiva de xénero, para a súa integración nas aulas a través das TIC. Mantemento de aplicacións web, e renovación dos materiais audiovisuais formativos e divulgativos do ProxectoTERRA.

2.- Formación do profesorado para as distintas etapas da educación obrigatoria presentando os recursos educativos actualizados e de nova creación, e realizando os cursos de formación incorporados no Plan Anual de Formación do profesorado da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Abordar tamén a realización de cursos de formación específica para o profesorado das distintas etapas educativas, sobre as diferentes temáticas que aborda o proxecto, (paisaxe e territorio, educación patrimonial, dereito ao hábitat, cartografías e deseño de espazos educativos).

3.- Manter a presenza do ProxectoTERRA dentro do Plan Proxecta+ da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional facilitando a participación dos centros inscritos na oferta das actividades complementarias, e sistematizando e divulgando os traballos realizados polos centros educativos dentro do seu marco.

4.- Manter, axeitar e ampliar a oferta de actividades complementarias dirixidas ás distintas etapas educativas, consistentes en:

.- Visitas guiadas de arquitectura-cidade e intercambios territoriais, (educación primaria e secundaria), así como a realización de obradoiros nos centros de Educación Infantil.





.- Novas actividades a iniciativa da APLU relacionadas co territorio, urbanismo e paisaxe e manter, axeitar e ampliar a actividade de *"Eu son inspector@ urbanístic@. Coida do territorio. Coida do teu"*, servindo o ProxectoTERRA coma canle de entrada e facilitando a información e a súa oferta.

A execución da actividade *"Eu son inspector@ urbanístic@. Coida do territorio. Coida do teu"* terá presenza efectiva durante todo o curso lectivo, cunha previsión orientativa de tres sesións mensuais, coa posibilidade de desenvolver esta actividade en 30 centros educativos por curso lectivo.

A convocatoria para participar na actividade, remitirase aos centros educativos dentro dos 15 primeiros días de setembro, e será acordada entre o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística na comisión de seguimento.

A asignación de prazas realizarase na segunda quincena de setembro, garantindo o inicio das actividades na primeira quincena de outubro.

Na anualidade de inicio de vixencia do convenio, a convocatoria remitirase aos centros educativos nos 15 días seguintes á sinatura do convenio, procedendo a asignar as prazas nos 30 días seguintes á sinatura do convenio. Garantirase o inicio das actividades no mes seguinte á sinatura do convenio.

Co obxecto de dar maior visibilidade a esta vertente das actuacións no territorio, a asignación de prazas realizarase por orde de entrada, priorizando os centros que non participaron nesta actividade en edicións anteriores. Así mesmo tentarase que a asignación da actividade aos centros solicitantes sexa proporcional en todos os niveis educativos e equilibrada territorialmente.

Para as actividades desenvolvidas pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística elaborárase unha breve guía de seguimento para remitir aos centros seleccionados, co obxecto de facilitar a implantación desta actividade nos mesmos entendéndose incluída dentro dos traballos de organización do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, debendo esta consensuarse coa Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

De consideralo necesario para o axeitado desenvolvemento das actividades complementarias as mesmas poderán incluír a produción e envío de material para a actividade, gastos de traslados dos docentes, edición de materiais divulgativos e creación de recursos dixitais ou de programación, entre outros, de apoio ou necesarias para o adecuado desenvolvemento das actividades programadas.

.- Actividades de asesoría e apoio a centros educativos de Educación Infantil, Primaria e Secundaria en colaboración con talleristas e persoal específico, co programa Sementeiras, obradoiros transdisciplinares para o alumnado.

5.- Difundir e divulgar, con carácter previo e posterior, todas as actividades e contidos do ProxectoTERRA a través das principais canles de difusión, espazos, colectivos e redes



sociais, de acordo có plan de comunicación conxunto que se fixe a tal efecto na comisión de seguimento, o cal deberá garantir a visibilidade fronte a sociedade do traballo desenvolvido dende ProxectoTERRA, e dar soporte á difusión dos contidos propostos.

Continuar coa visibilización e participación de ProxectoTERRA en espazos, redes, colectivos, encontros, congresos nacionais, internacionais, etc, vencellados co obxecto do ProxectoTERRA e as súas áreas de interese.

6.- Deseño e produción dun congreso, seminario, actividades ou encontro que presente unha mostra e intercambio de experiencias para celebrar os 25 anos de ProxectoTERRA e divulgación do mesmo.

7.- Continuar co programa de formación continua da cidadanía co obxectivo de presentar as reflexións multidisciplinares sobre os lugares que habitamos, esencial para acadar unha mellor implicación da cidadanía na calidade da construción dos espazos que habitamos ao servizo dunha mellor calidade de vida, incidindo nun mellor coñecemento e respecto da nosa ordenación urbanística.

2. Obrigas das partes.

2.1. Obrigas do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia:

- Asumir a organización da programación do ProxectoTERRA, titularidade do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.
- Coordinar e xestionar o envío de todos os recursos elaborados a todos os centros públicos de Galicia, asumindo así mesmo os labores de organización, xestión e difusión das actividades complementarias.
- Garantir a difusión, publicidade e divulgación do ProxectoTerra de acordo co Plan de Comunicación elaborado pola Comisión de Seguimento, asumindo tanto a produción e elaboración de contidos como á propia publicación.

A execución da presente obriga deberá comunicarse ao gabinete de prensa da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

- O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, como titular do ProxectoTERRA poderá asinar outros convenios de colaboración con outras entidades públicas e/ou privadas relativos ao ProxectoTERRA sempre que non teñan un obxecto coincidente co do presente convenio nin supoñan unha sobrefinanciación.

- Así mesmo, para o desenvolvemento do obxecto, cando se deba realizar o traballo nas oficinas públicas, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia nomeará unha persoa encargada do mesmo, que dirixirá e organizará a actividade das persoas traballadoras do mesmo alí destacadas, controlando, ademais, a execución do servizo, canalizándose a través de tal encargada as posibles incidencias que se formulen na execución dos traballos. Esta persoa encargada será a responsable da vixilancia do horario de traballo



das persoas traballadoras, das licencias horarias, permisos ou calquera outra manifestación das facultades que lle sexan inherentes como empregadora.

2.2. Obrigas da Xunta de Galicia

- Colaborar na organización da programación do ProxectoTERRA, titularidade do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, conforme ao previsto na cláusula PRIMEIRA.
- Nas accións formativas que desenvolva a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, e nas que teña cabida, darase a coñecer o ProxectoTERRA para fomentar a súa difusión e divulgación, nos termos expostos no punto quinto da cláusula PRIMEIRA do presente Convenio.
- Facilitar ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, se fose o caso, información documental e estatística obrante nas súas dependencias e que considere necesaria para a actualización do «ProxectoTERRA».
- A Xunta de Galicia, a través da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística participará activamente nas accións de concienciación e deseño de materiais escolares, ao tempo que propondrá accións divulgativas e de sensibilización na utilización racional do solo e da protección da paisaxe, e asistirá e participará en charlas e reunións que se realicen nos centros educativos.
- Particularmente, a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística colaborará na organización da actividade complementaria denominada *"Eu son inspector@urbanistic@. Coida do territorio. Coida do teu"*; e naquelas outras novas actividades complementarias que poida promover esta entidade.

VI.- CONTIDO ECONÓMICO E XUSTIFICACIÓN DO GASTO

1. Contido económico

O custo total estimado das execucións previstas neste convenio é de **trescentos sesenta mil euros (360.000,00 €)**, distribuídos nas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE/€
2024	60.000 €
2025	180.000,00 €
2026	120.000,00 €
TOTAL	360.000,00 €

Deste custo total, o Colexio Oficial de Arquitecto de Galicia contribuíra cunha achega de **trinta e seis mil euros (36.000,00€)**, equivalente ao **10%** do custo das actuacións, nas seguintes anualidades:

Secretaría Xeral Técnica
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
881 999 265
sxt.cim@xunta.gal





ANUALIDADE	IMPORTE/€
2024	6.000,00 €
2025	18.000,00 €
2026	12.000,00 €
TOTAL	36.000,00 €

A Xunta de Galicia aportará, como máximo, a cantidade **trescentos vinte catro mil euros (324.000,00€)**, equivalente ao **90%** do custo estimado das actuacións, distribuída do seguinte xeito:

a) **Oitenta e catro mil euros (84.000,00 €)** con cargo á aplicación orzamentaria **41.03.521A.640.1** dos Orzamentos da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, nas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE/€
2024	14.000,00 €
2025	42.000,00 €
2026	28.000,00 €
TOTAL	84.000,00 €

b) **Sesenta mil euros (60.000,00) €** con cargo á aplicación orzamentaria **37.03.423B.640.4** dos Orzamentos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, nas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE/€
2024	10.000,00 €
2025	30.000,00 €
2026	20.000,00 €
TOTAL	60.000,00 €

c) **Cento oitenta mil euros (180.000,00 €)** con cargo á aplicación orzamentaria **06.82.521A 640 01** dos Orzamentos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, nas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE/€
2024	30.000,00 €
2025	90.000,00€
2026	60.000,00€
TOTAL	180.000,00 €

Para as actividades que o Proxecto Terra desenvolva en colaboración coa Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, reservárase un mínimo **25%** do custe total do





convenio (**90.000,00€**), esta porcentaxe poderase modificar de común acordo entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

Indicar que a participación da Axencia da Protección da Legalidade Urbanística na execución do Convenio comprende tamén a aportación de medios propios, persoais e materiais, no desenvolvemento da actividade complementaria "*Eu son inspector@urbanistic@. Coida do territorio. Coida do teu*", aportación valorada estimativamente na contía de **nove mil oitocentos noventa e seis euros con dous céntimos (9.896,02€)**, tal e como se xustifica na memoria económica do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, en base ás horas invertidas polo persoal inspector na preparación e execución de dita actividade.

2.- Xustificación do gasto

A Xunta de Galicia fará os libramentos ao Colexio Oficial de Arquitectos, segundo as cantidades establecidas en cada anualidade á entrega dos traballos obxecto do presente acordo, segundo as fases de aboamento e condicións seguintes:

A).- Anualidade 2024:

Aboaranse **sesenta mil euros, IVE incluído (60.000,00€)**, contra a conta xustificativa achegada e certificada polo órgano competente para elo, por parte do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, e que incluírá copia autenticada das facturas e xustificantes de gastos aos que faga referencia a indicada certificación, correspondentes ao noventa por cento (**90%**) do custo dos traballos xerados polo ProxectoTERRA.

A certificación conterá gastos relativos á renovación, ampliación e difusión dos contidos do Proxecto, á organización e difusión de actividades, á organización de xornadas de formación, á divulgación de recursos e documentos, así como ao mantemento dos medios de difusión do ProxectoTERRA no mundo educativo (web, comunicacións co profesorado, presenza no Plan proxecta+), sendo imprescindible que as facturas e demais xustificantes de gasto que se presente como parte da conta xustificativa conteñan unha descrición detallada do obxecto facturado/liquidado con expresa referencia ao ProxectoTERRA e o período do Convenio ao que corresponde.

A conta xustificativa será presentada ante Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo, e o aboamento producirase logo da aceptación e conformidade da documentación xustificativa presentada, pola Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo, pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e pola Axencia da Protección da Legalidade Urbanística.

A data límite para a presentación da documentación xustificativa correspondente á anualidade 2024 será o **15 de decembro de 2024**.

B).- Anualidade de 2025:

Secretaría Xeral Técnica
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
881 999 265
sxt.cim@xunta.gal





Aboaranse **cento oitenta mil euros, IVE incluído (180.000,00€)**, contra a conta xustificativa achegada e certificada polo órgano competente para elo, por parte do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, e que incluírá copia autenticada das facturas e xustificantes de gastos aos que faga referencia a indicada certificación, correspondentes ao noventa por cento (**90%**) do custo dos traballos xerados polo ProxectoTERRA.

A certificación conterà gastos relativos á renovación, ampliación e difusión dos contidos do Proxecto, á organización e difusión de actividades, á organización de xornadas de formación, á divulgación de recursos e documentos, así como ao mantemento dos medios de difusión do ProxectoTERRA no mundo educativo (web, comunicacións co profesorado, presenza no Plan proxecta+), sendo imprescindible que as facturas e demais xustificantes de gasto que se presente como parte da conta xustificativa conteñan unha descrición detallada do obxecto facturado/liquidado con expresa referencia ao ProxectoTERRA e o período do Convenio ao que corresponde.

A conta xustificativa será presentada ante Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo, e o aboamento producirase logo da aceptación e conformidade da documentación xustificativa presentada, pola Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo, pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e pola Axencia da Protección da Legalidade Urbanística.

A data límite para a presentación da documentación xustificativa correspondente á anualidade 2025 será o **15 de decembro de 2025**, podendo facerse liquidacións trimestrais.

C).- Anualidade de 2026:

Aboaranse **cento vinte mil euros, IVE incluído (120.000,00€)**, contra a conta xustificativa achegada e certificada polo órgano competente para elo, por parte do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, e que incluírá copia autenticada das facturas e xustificantes de gastos aos que faga referencia a indicada certificación, correspondentes ao noventa por cento (**90%**) do custo dos traballos xerados polo ProxectoTERRA.

A certificación conterà gastos relativos á renovación, ampliación e difusión dos contidos do Proxecto, á organización e difusión de actividades, á organización de xornadas de formación, á divulgación de recursos e documentos, así como ao mantemento dos medios de difusión do ProxectoTERRA no mundo educativo (web, comunicacións co profesorado, presenza no Plan proxecta+), sendo imprescindible que as facturas e demais xustificantes de gasto que se presente como parte da conta xustificativa conteñan unha descrición detallada do obxecto facturado/liquidado con expresa referencia ao ProxectoTERRA e o período do Convenio ao que corresponde.

A conta xustificativa será presentada ante Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo, e o aboamento producirase logo da aceptación e conformidade da documentación xustificativa presentada, pola Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo, pola Consellería





de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e pola Axencia da Protección da Legalidade Urbanística.

A data límite para a presentación da documentación xustificativa correspondente ao curso 2025/2026 será o **15 de agosto de 2026**.

D).- Pagos a conta

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia poderá presentar solicitudes de pagos parciais con cargo ás partidas comprometidas anualmente pola Xunta de Galicia na medida que se produzan cumprimentos de obxectivos parciais xustificados mediante unha memoria na que se acrediten ditos cumprimentos, xunto coas facturas e transferencias bancarias que xustifiquen os gastos relacionados con eles.

E) Inexistencia de beneficio.

En todo caso, as cantidades aboadas serano para o pago dos gastos que se xustifiquen sen que o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia obteña beneficio ou lucro industrial algún.

De acordo coa información facilitada polo COAG os custes ascenderían aos seguintes importes:

ORZAMENTO PROXECTO TERRA 2024-2026	2024	2025	2026	TOTAIS
1.- Avaliación, Revisión e Elaboración de unidades didácticas e materiais de apoio	8.900,00	26.900,00	14.600,00	50.400,00
•Avaliación da presenza e utilización dos recursos educativos do Proxecto-TERRA en cada unha das etapas educativas	4.000,00	0,00	0,00	4.000,00
•Elaboración de materiais de Educación Secundaria	2.900,00	4.500,00	0,00	7.400,00
•Versión dixital adaptada as TIC, impresión e envío a centros dos novos recursos educativos para Educación Secundaria	0,00	5.000,00	12.000,00	17.000,00
•Elaboración de novos recursos audiovisuais	2.000,00	15.000,00	0,00	17.000,00
Aplicación web dispoñible para visitas guiadas e intercambios territoriais.	0,00	2.400,00	2.600,00	5.000,00
2.-Formación do profesorado	7.000,00	1.000,00	6.200,00	14.200,00
•Xornadas de Formación específica para o profesorado que elabore os novos recursos para Educación Secundaria	7.000,00	0,00	0,00	7.000,00

Secretaría Xeral Técnica
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
881 999 265
sxt.cim@xunta.gal



• Formación para o profesorado das tres etapas educativas para presentación dos recursos e temáticas do ProxectoTERRA	0,00	0,00	5.200,00	5.200,00
• Presentación e difusión dos materiais do ProxectoTERRA.	0,00	1.000,00	1.000,00	2.000,00
3.-Actividades Complementarias	14.100,00	60.600,00	79.900,00	154.600,00
• Avaliación e revisión das actividades complementarias ofertadas	2.500,00	1.000,00	0,00	3.500,00
• Visitas guiadas (saídas de 1 día) de Arquitectura, Territorio e Cidade para Secundaria e Primaria.	0,00	5.200,00	10.000,00	15.200,00
• Intercambios Territoriais (saídas de 2 día) de Arquitectura, Territorio e Cidade para Secundaria e Primaria.	0,00	19.600,00	42.500,00	62.100,00
Actividades e Asesorías a centros educativos a través de obradoiros transdisciplinares.	2.100,00	6.300,00	8.400,00	16.800,00
• Actividades de "Eu son Inspector@ urbanístico@"	6.201,33	25.201,33	15.701,34	47.104,00
Actividades "Eu son Inspector@ urbanístico@" medios propios APLU	3.298,67	3.298,67	3.298,66	9.896,00
4.-Actividades de Divulgación	6.000,00	59.000,00	7.800,00	72.800,00
• Congreso / Seminario / Intercambio de experiencias 25 Aniversario de ProxectoTERRA	0,00	45.000,00	0,00	45.000,00
• Xente, Espazos e Lugares	5.000,00	10.000,00	5.000,00	20.000,00
• Divulgación e difusión das actividades e contidos do ProxectoTERRA	1.000,00	4.000,00	2.800,00	7.800,00
5.-Páxina Web e Redes Sociais	6.500,00	8.500,00	4.000,00	15.000,00
Actualización da páxina web e redes sociais do Proxectoterra para libre acceso a todos os recursos elaborados.	3.500,00	2.500,00	0,00	6.000,00
• Mantemento e actualización da páxina web e redes sociais do Proxectoterra para libre acceso a todos os recursos elaborados.	3.000,00	6.000,00	4.000,00	13.000,00
6.-Coordinación e Xestión	17.500,00	24.000,00	7.500,00	49.000,00
• Honorarios de Coordinación	15.000,00	19.000,00	5.000,00	39.000,00





•Apoio á coordinación	2.500,00	5.000,00	2.500,00	10.000,00
TOTAL ORZAMENTO	60.000,00	180.000,00	120.000,00	360.000,00
TOTAL APORTACIÓN APLU	30.000,00	90.000,00	60.000,00	180.000,00
TOTAL APORTACIÓN CONSELLERÍA VIVENDA, INFRAESTRUTURAS E ORDENACIÓN DO TERRITORIO	14.000,00	42.000,00	28.000,00	84.000,00
TOTAL CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL	10.000,00	30.000,00	20.000,00	60.000,00
TOTAL APORTACIÓN ANUAL DO COAG	6.000,00	18.000,00	12.000,00	36.000,00

3. Fitos e obxectivos de acordo co establecido no Plan estratéxico de Galicia

Plan estratéxico	Planificación de Fondos Europeos	Actividade	Indicador	Fito
PEG 2022-2030	Non aplica fondos europeos	PA04 Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única	P00084: Estudos, proxectos, informes e/ou ditames en materia de urbanismo e ordenación do territorio	

O convenio enmarcase no PEG 2022-2030:

Eixo: E4. Cohesión social e territorial.

Prioridade de actuación: PA04- Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única.

Obxectivo estratéxico: OE.4.04.01: Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo industrial.

Obxectivo operativo:

- 0001: Elaboración, coordinación, seguimento e control das políticas territoriais e de utilización racional do solo e dos seus instrumentos de planificación.

- 0008: Accións para racionalizar o crecemento residencial urbano e dos núcleos rurais.





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE VIVENDA
E PLANIFICACIÓN DE
INFRAESTRUTURAS

Documento asinado dixitalmente
O secretario xeral de Vivenda e Urbanismo
Heriberto García Porto

Secretaría Xeral Técnica
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
881 999 265
sxt.cim@xunta.gal

CVE: U55bfrS5msI2
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

